



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

## **8/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 30 DE XUÑO DE 2021.**

Sendo as nove horas e tres minutos do día 30 de xuño do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021/0677, de data 24.06.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Asiste tamén, a distancia, a interventora accidental municipal Dna. Mercedes Ocampo Santiago (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 19.02.2015, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021/0664 de 22.06.2021), que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:


### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26.05.2021 (7/2021).**

**14 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación o mesmo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 26.05.2021 (7/2021).





**Concello de Mugaros**  
(A Coruña)

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.**

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre a nova tarifa eléctrica, e o Concello Pleno, por 1 voto a favor (1 BNG), 7 votos en contra (4 PP, 3 PSOE) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), acorda rexeitar a aprobación da devandita moción.

### **DELIBERACIÓN**

**35 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

#### **- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**48 s:** Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción así como dos acordos que se someten á consideración do Pleno.

**4 min 40 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

#### **- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS**

**4 min 57 s:** O sr. Martínez Bardanca manifesta que o seu grupo está de acordo co trasfondo da moción pero que non cren que isto fose motivado todo pola modificación da lei que tivo lugar o día un deste mes, dado que o sistema eléctrico é un sistema moi complexo e que o prezo da enerxía o marca principalmente o mercado eléctrico, sendo este prezo este ano un 40% superior ao do ano pasado. De seguido sinala que esta modificación na tarifa está pensada para reducir o consumo nos periodos punta. A continuación, e no que respecta a rexeitar as políticas enerxéticas do goberno, que é ao que insta a moción, sinala que cren que as políticas enerxéticas non teñen nada que ver co prezo da luz, e que co prezo da luz o que ten que facer a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia é ver que esta suba do 40% sexa efectivamente real e conforme aos prezos do mercado, e sinala que as políticas enerxéticas do goberno abranguen moitas materias e entenden que son correctas. E xa no que respecta ao do ámbito territorial que se reflicte na moción, expón os motivos polos cales entenden que neste aspecto o nacionalismo non ten moito sentido. Para rematar, e por todo o exposto, manifesta





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

que o sentido do seu grupo no presente punto da orde do día vai a ser en sentido negativo.

**11 min 18 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

**11 min 20 s:** O sr. Mahía Prados di que, aínda estando de acordo co fondo da moción, hai varias cousas que xa mantiveron nos pasados plenos e que van a manter tamén neste, e que son, en primeiro lugar que están en contra das mocións enlatadas que envían os partidos para meter nos plenos municipais e que ademais non entenden moi ben porque se presentan este tipo de mocións nos plenos municipais xa que estas cuestións son temas que teñen que tratarse entre o Parlamento de Galicia e o Congreso dos Deputados. De seguido di que o seu grupo, sen entrar a valorar o fondo da moción e sen entender ese cambio de acordos entre a moción que se presenta aquí e o que se aproba no Parlamento, non van a entrar a debater este punto e votarán en consonancia co que votaron sempre nas mocións que veñen enlatadas.

**13 min 35 s:** Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, e dado que ningún grupo municipal solicita a palabra dá por rematado o debate sobre o asunto dando a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do BNG aos efectos de que por este se peche a moción.

**13 min 49 s:** Polo sr. Varela Filgueiras di que tódalas mocións que se traen a Pleno afectan á veciñanza de Mugardos, e que aínda que non se poida dende o Concello de Mugardos cambiar a lei o que si se pode é forzar que se tomen unha serie de medidas. E sinala, no que respecta á política enerxética do goberno, que non critican toda a política enerxética do goberno, pero que o que si é certo é que o goberno tiña un acordo programático para que a factura da luz fose por tramos de consumo e que se abandonou este acordo para discriminar tramos horarios. Por último, remata dicindo que cre que son boas tódalas medidas de forza que se poidan facer dende o Concello se isto pode solucionar algún problema da veciñanza.

**16 min 06 s:** Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación.

### **3.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE A ATENCIÓN MÉDICA NO CENTRO DE SAÚDE DE MUGARDOS**

**16 min 36 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día, indicando que é un tema que se falou na Xunta de Voceiros e que a moción a presentan tódolos grupos municipais, dando de seguido a palabra ao relator da moción.





**Concello de Mugarodos**  
(A Coruña)

## - EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

**17 min 21 s:** O sr. Mahía Prados di que o presente asunto foi froito dun acordo de tódolos grupos municipais na Xunta de Voceiros e de seguido da lectura a exposición de motivos da moción e ao acordo proposto.

**18 min 20 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

## - 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

**18 min 32 s:** O sr. Martínez Bardanca di que tódolos grupos están preocupados polos temas do Centro de Saúde e que cren que é moi importante levar a termo o que se propón nesta moción e que dende o Concello se tomen tódalas medidas posibles para que se recuperen estas prazas, e que a súa postura sempre foi a de pedir que se cubran tódalas prazas, tanto as dos postos municipais como as do Centro de Saúde.

**19 min 20 s:** O sr. Alcalde dí que o acordo proposto é para tratar de que se cubran as vacantes, e de seguido dá por rematado o debate sometendo o asunto a votación.


Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polos grupos municipais sobre a atención médica no Centro de Saúde de Mugarodos, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.-Instar a Xerencia Sanitaria da área de Ferrol e ao Servizo Galego de Saúde a que se proceda de forma inmediata á cobertura dos facultativos ausentes, garantindo á atención dos 4 profesionais asignados ao noso centro de saúde.

2.-Remitir o presente acordo á Xerencia da Área Sanitaria de Ferrolterra e a Coordinación do Centro de Saúde de Mugarodos

**4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 535/2021, 536/2021, 551/2021, 2021/0619, 2021/0626, 2021/0627, 2021/0645 E 2021/0671.**





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**20 min 31 s:** Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións número 535/2021, 536/2021, 551/2021, 2021/0619, 2021/0626, 2021/0627, 2021/0645 e 2021/0671.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

- **Resolución da alcaldía núm. 535/2021, de 24.05.2021**, sobre delegación de competencias en membro da corporación municipal.
- **Resolución da alcaldía núm. 536/2021, de 24.05.2021**, sobre delegación de competencias en membro da corporación municipal.
- **Resolución da alcaldía núm. 551/2021, de 26.05.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde.
- **Resolución da alcaldía núm. 2021/0619, de 11.06.2021**, sobre expediente disciplinario ao conserxe do Colexio Público CEIP Santiago Apóstolo de Franza.
- **Resolución da alcaldía núm. 2021/0626, de 14.06.2021**, sobre matrimonio civil entre J.M.M.A. e V.S.T.
- **Resolución da alcaldía núm. 2021/0627, de 14.06.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde.
- **Resolución da alcaldía núm. 2021/0645, de 16.06.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde.
- **Resolución da alcaldía núm. 2021/0671, de 23.06.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde.

**5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 517/2021 Á 672/2021, AMBAS INCLUSIVE.**

**20 min 58 s:** Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 517/2021 á 672/2021, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 517/2021 á 672/2021, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**21 min 12 s:** Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas, e dado que polos/as señores/as concelleiros/as non se teñen formulado preguntas polo sr. Alcalde dáse a palabra a aqueles concelleiros/as que queren formular rogos, comezando os mesmos cos rogos formulados polo sr. Varela Filgueiras.

**21 min 33 s:** Polo sr. Varela Filgueiras formúlase un rogo relativo a que a realización das tarefas de desbroce se fagan de maneira completa.

**22 min 33 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

**22 min 42 s:** Polo sr. Martínez Bardanca formúlase un rogo relativo á realización dun esforzo, agora que ven a tempada de verán, para levar a cabo a limpeza das rúas, dos contenedores e sobre todo os desbroces e o corte da herba, tanto nas parroquias como no pobo.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e vinte e sete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=22>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):  
4bff7e3b5efa7537a18157bf7a2e1f330d9fd75b48a7233fba7985021be083a4

V<sup>o</sup> e praxe  
O ALCALDE

